

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 07 DE XUÑO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 3º.- **EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS: “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)”**
- 4º.- **AXUDA ÓS DEPORTISTAS.**
- 5º.- **URBANISMO.**
- 6º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO”**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 18 de Maio de 2017

2º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**

2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de M.C.C.C..

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 06 de xuño de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo
M.C.C.C.	-----

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF no programa de libre concorrencia, a **M.C.C.C.** segundo informe da Traballadora

Social, de data 06 de xuño de 2017.

2.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 06 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.I.M.** polos seguintes importes-----:

2.3.- Historia Social única Electrónicas nas Entidades Locais.

Visto que seguindo o reflectivo no artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no cal se especificaba, no seu punto 5, que *"A Xunta de Galicia creará a Historia social única electrónica como conxunto de información e documentos en formato electrónico nos que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións relevantes sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do Sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos ou das profesionais e dos servizos ou prestacións que interviñeron sobre este. A Historia social única electrónica deberá, así, conter a suficiente, axeitada, pertinente e necesaria información para documentar o proceso de intervención social da persoa usuaria. Respecto dos datos de carácter persoal e en cumprimento do principio de calidade, soamente se recollerán na Historia social única electrónica aqueles axeitados, pertinentes, non excesivos e necesarios para documentar o dito proceso de intervención social"*, pretendendo unificar nun único documento, accesible a todos os profesionais de atención directa os usuarios e tamén a estes últimos (so a certa parte da información), coa finalidade de facilitar o traballo e, por conseguinte, a atención das necesidades da poboación, evitando duplicidades. A este respecto asinase en novembro do 2016 un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp co obxecto do impulso da posta en funcionamento da Historia Social única Electrónica ñas Entidades Locais da comunidade autónoma de Galicia. Este convenio establece ademais os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información entre as partes asinantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1.- A adhesión do Concello de Silleda, mediante a sinatura de un protocolo que figura como Anexo ao texto do convenio citado, comprometéndose a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos disponibles na plataforma da HSUE, segundo a previsións do DECRETO 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica, e a empregar a información contida na HSUE para os

fins recollidos no dito Decreto.

2.- Dar traslado deste acordo a Servizos Sociais do Concello de Silleda para que faciliten a documentación necesaria para a adhesión a este convenio.

**3º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS:
“ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)”**

Visto que o obxecto do contrato é a realización da obra “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA), codificación é CPV 45233250-6.

Visto o informe emitido polo Secretario do Concello, de data 29 de maio de 2017.

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, de data 30 de maio de 2.017.

Vistos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato da obra, por procedemento negociado sen publicidade denominado “**Acondicionamento do Parque As Pedrosas (Silleda)**”.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de suministro por importe de 165,289,25 € máis IVE “**Acondicionamento do Parque As Pedrosas (Silleda)**”.

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 199,999,99 € o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 165.289,25, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: “**Acondicionamento do Parque As Pedrosas (Silleda)**”

TRANSCRÍBESE:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

**CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:
ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato

O obxecto do contrato é a realización das obras consistente **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)**, cuxa codificación é CPV 45233250-6, conforme ao proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de camiños, Román Gómez Fraiz, aprobado no día 2 de Marzo de 2017 en Xunta de Goberno Local.

As actuacións consistirán na mellora e acondicionamento do referido parque , tal como consta no proxecto redactado ao efecto e que servirá como Prego de prescricións técnicas.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra segundo resolución de concesión de subvención de data 2 de maio de 2017, e que a necesidade da actuación que se pretende está xustificada no expediente de solicitude de subvención.

Debido ao seu carácter de obra subvencionada, o que resulte adxudicatario da mesma asumirá a obriga da colocación do cartel publicitario durante a execución do proxecto en que conste expresamente o financiamento da Deputación de Pontevedra, segundo o modelo que se recolle nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2017 (**Plan Concellos 2017**) e sen que teña repercusión no prezo da execución da actuación.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)** será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 199.999,99 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 165.289,25 euros, e no imposto sobre o valor engadido de 34.710,74 €.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 165.289,25 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

O importe aboarase con cargo á partida 151-619 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de obras de **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE A PEDROSAS (SILLEDA)** será de catro mes.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo previo no prazo de CINCO días desde a data de formalización do contrato.

Non poderán existir prórrogas

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, na Rúa de Trasedeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 lei 39/2015.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta

para negociar a contratación das obras de **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)**
A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Declaración responsable.**
- **Sobre «B»: Oferta económica e documentación.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A» DECLARACIÓN RESPONSABLE

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/
_____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade
_____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación
ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA), ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de **REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO**

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente no **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)**, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de

solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

— Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

— Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

— Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,
Asdo.: _____»

SOBRE «B» OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de **ACONDICIONAMENTO DO PARQUE AS PEDROSAS (SILLEDA)** fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.
_____, ___ de _____ de 20__

Sinatura do candidato
Asdo.: _____.»

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

Sen perxucio do recollido no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no que se recollen os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias nas subastas), para a valoración das ofertas e a determinación da máis vantaxosa economicamente atenderase a varios aspectos de negociación:

Criterios cuantificables automáticamente e/ou mediante fórmulas ou porcentaxes

— **Prezo:** Ata un máximo de 50 puntos

$$P_i = P_{\max} [(T\text{ipo de licitación} - O_i) / (T\text{ipo de licitación} - OM)]$$

P_i : Puntuación da oferta i

P_{\max} : Puntuación máxima deste criterio

O_i : Oferta i

OM: Oferta máxima.

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 10% se tomará dito importe como OM, en caso contrario

OM= Tipo de licitación x 0,9

- **Ampliación Prazo de garantía:** Ata un máximo de 20 puntos

Os licitadores poderán ofertar o aumento do prazo de garantía sobre o establecido inicialmente (que será de dous anos). Os aumentos do prazo de garantía ofertados expresaranse en número de anos, e entenderase a efectos do prazo total de garantía que se suman ao prazo de dous anos indicado anteriormente.

De acordo co criterio exposto, a puntuación por aumento do prazo de garantía obtense aplicando a seguinte táboa:

Aumento do prazo ofertado sobre o inicial	puntuación
1 ano	5 puntos
2 anos	10 puntos
3 anos	15 puntos
4 anos	20 puntos

Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

- **Melloras valoradas economicamente:** ata un máximo de 30 puntos.

Solo se admitirán melloras valoradas sobre os seguintes aspectos:

Melloras técnicas e de calidade que redunden nunha maior eficacia e durabilidade da obra, valorada segundo informe técnico.

As melloras que se ofrezan haberán de estar valoradas economicamente

As melloras valoraranse en termos estritamente económicos, e o importe das mesmas incluirá o IVE correspondente como partida independente.

Aplicarase a seguinte fórmula:

$$P_i = P_{\max}(O_i / O_{\max})$$

P_i : Puntuación da oferta de mellora i

P_{\max} : Puntuación

OM: Oferta máxima. máxima deste criterio

O_i : Oferta i

Cando existan melloras que alcancen un importe do 10% se tomará a maior mellora como OM, en caso contrario, OM= Tipo de licitación.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre a execución das melloras, reservándose o dereito de poder variar as mesmas en beneficio do interese público e sempre sen que poida superar o valor económico das ofertadas.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedemento negociado sen publicidade, non se constitúe ni Xunta de Goberno Local de 07 de xuño de 2017

actúa no presente contrato

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. -Apertura de ofertas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á apertura das proposicións, previa comprobación da existencia das declaracións responsables dos licitadores:

Apertura das ofertas.- O órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación proporá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de **o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (os recollidos na declaración responsable)**, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) *Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.*

c) *Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.*

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses[1]] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.*
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.*
- Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á formalización.*

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adjudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Xunta de Goberno Local de 07 de xuño de 2017

Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.*
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).*
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación[2].*
- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.*
- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.*
- Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.*

No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante

o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.]

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os prezos no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Recepción e prazo de garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopan en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de DOUS ANOS a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non

fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Execución do contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, [e, de ser o caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do contrato

Faise necesario recordar que (de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución), os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se preveise nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.

2. Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

• Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións

técnicas.

- *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.*

- *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*

- *Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.*

- *Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].*

En ningún caso o Técnico-Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedemento, requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por incumprimento

— *Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións recollidas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].*

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— *Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.*

— *Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato].*

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Silleda a 29 de maio de 2017

O Alcalde

Asdo.: Manuel Cuiña Fernández"

CUARTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
R/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Lg. de Xestoso, s/n
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Electricidad Arteaga Gres S.L.
Lugar A Capela, nº 5 - Gres
36.587 - Vila de Cruces (Pontevedra)

QUINTO.- Nomear como Director das obras ó Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil.

4º.- AXUDA ÓS DEPORTISTAS.

A proposta da Concelleira de Deportes Ana Luisa González Costa, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** conceder ó silledense Christian Costoya Sanabria, campeón gallego benjamín de karting, unha axuda de 300,00 €, como colaboración por potenciar o deporte e levar o nome de Silleda fora do Concello.

12. Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
13. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
14. *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 14.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 14.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 14.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 14.4 *M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 14.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 14.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 14.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
 - 14.8 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
 - 14.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 14.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
 - 14.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
 - 14.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
 - 14.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012*

15 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. *Amósanseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Manuel Viéitez Costoya, presentada con R.E. 1752 de 10.ABR,2017. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Antonio Pereiro García, enxeñeiro técnico agrícola col. 2116 e xustificante de pago de taxas municipais.*

2. *O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.*

3. *A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:*

INFORME TÉCNICO:

4. *O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación***

Cerrada, E.C. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Agrupación e segregación de parcelas en unido de acto**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 2**. A descrición destas parcelas que se extrae da memoria é a seguinte:

3.1. Suelo sin edificar en Rúa da Feira- Bandeira 9, cuya referencia catastral es 7013511NH5371S0001RT, con una superficie de cincuenta y siete metros cuadrados.

3.2. Suelo construido sin división horizontal en Rúa Renque da Feira- Bandeira 11 cuya referencia catastral es 7013501NH5371S0001PT, con una superficie de doscientos noventa y cinco metros cuadrados, con ciento ochenta y cinco metros cuadrados de superficie construida distribuida en setenta y ocho metros cuadrados de vivienda en la planta primera y veintidós metros cuadrados de almacén en el bajo cubierta.

3.3. Suelo construido sin división horizontal en rúa da Feira- Bandeira 2, cuya referencia catastral es 7013513NH5371S0001XT, con una superficie de ciento treinta metros cuadrados, con ciento noventa y cinco metros cuadrados de superficie construida dividida en dieciséis metros cuadrados de almacén en la planta baja, puerta B; cincuenta y un metros cuadrados de vivienda en la planta baja, letra A; cincuenta y ocho metros cuadrados de vivienda en el bajo cubierta, puerta A; y setenta metros cuadrados en la planta primera, letra A.

5. A parcela matriz '1', de 57 m² está sen edificar.

6. A parcela matriz "2" está construída en división horizontal en Rúa da Feira , nº 11, con referencia catastral 7013501NH5371S0001PT, con unha superficie de

7. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento á superficie mínima edificable prevista no vixente PXOM. As superficies das parcelas matrices e resultantes son as

PARCELAS MATRICES		PARCELAS RESULTANTES	
superficie inicial	parcela instrumental	superficie resultante	
1	57 m ²	A	223 m ²
2	295 m ²	1' B	260 m ²
3	130 m ²		
total	482 m ²		483 m ²

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de Agrupación e segregación de parcelas en unido de acto."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal

de obra maior a MANUEL VIEITEZ COSTOYA para agrupación e segregación de parcelas en unidade de acto, na rúa Da Feira - Bandeira (Silleda), referencias catastrais 7013513NH5371S0001XT, 7013501NH5371S0001PT e 7013511NH5371S0001RT, segundo proxecto do enxeñeiro técnico agrícola Antonio Pereiro García, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.”

5.2.- Inscripción no rexistro de fóra de ordenación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Eirexe, n.º 17, parroquia de Taboada (Silleda). RAÚL FRAMIÑÁN SÁNCHEZ.

Vista a solicitude de inscrición no rexistro de fóra de ordenación presentada por Raúl Framiñán Sánchez, Rexistro de Entrada nº 2164 de data 19 de abril de 2012, para vivenda unifamiliar sita no lugar de Eirexe, n.º 17, parroquia de Taboada (Silleda).

Visto o informe emitido o 05 de xuño de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Raúl Framiñán Sánchez
Data de rexistro: 19.ABR.2012 Nº: 2164 Data escrito: 17,ABR,2012
Solicitude: Inscripción no rexistro de fóra de ordenación
Emprazamento: Eirexe, n.º 17, Taboada
Referencia catastral: 36052L504204050000BU (parcela)
Autor da Memoria: Susana Ramos Porto, Arquitecta Colexiada 3002
Memoria: Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo)
- 2 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 13 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 14 Planeamento do Concello de Silleda
 - 14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981
 - 14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o

11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 .P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012.

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

16 Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1 Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

“Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propiedade terá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.”

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

1.1 Declaración responsable suscrita por Raúl Framiñán Sánchez, na que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

“DECLARA:

Bajo su responsabilidad no haber recibido notificación del Concello de Silleda de apertura de expediente sancionador sobre la vivienda situada en el lugar de Eirexe, nº 17, Taboada del Concello de Silleda.”

1.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito por Susana Ramos Porto en data 15 de decembro de 2015, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:

“CERTIFICO:

(...) por su tipología constructiva, materiales de construcción y documentación aportada por la propiedad se encuentra rematada con anterioridad al año 1987. contando en la actualidad con más de 28 años de antigüedad.”

1.3 Certificado de seguridade e solidez suscrito por Susana Ramos Porto.

1.4 Planos da edificación e da parcela suscritos por Susana Ramos Porto en data abril de 2012.

1.5 Consulta descritiva e gráfica do catastro.

1.6 Escritura de propiedade da parcela.

1.7 Xustificación da preexistencia dun uso continuado:

1.7.1 Contrato de alta para o subministro eléctrico para alumado de vivenda, pola empresa subministradora Hidroeléctrica de Silleda a nome de Raúl Framiñán Sánchez, con data do 02 de xuño de 1987.

INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección agrupecuaria**.

4 Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente de reposición da legalidade urbanística algún a nome do titular, Raúl Framiñán Sánchez, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar, situada en Eirexe, nº 17, Taboada - Silleda, con referencia Catastral nº 36052L504204050000BU. Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a busca por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a busca por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

5 Por outra banda, a xuízo do técnico que subscribe, e salvo mellor interpretación da normativa, a competencia para a protección da legalidade no solo rústico para este tipo de obras, perténcelle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se deberá solicitar o informe deste organismo no que se exprese que non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010.

6 Elevada consulta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que se solicitaba informe deste organismo no que se expresase que non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística ou ambiental sobre estas edificacións, antes da entrada en vigor da Lei 2/2010, enviada o día 27 de abril de 2012 con R.S. 1074, esta emite informe asinado o día 23 de outubro de 2012, recibido no Concello de Silleda con rexistro de entrada nº 5957 do día 13 de novembro de 2012, segundo o que "non consta a adopción de medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística en relación coas obras citadas no parágrafo anterior, sen prexuízo de significarlle que as medidas dirixidas á restauración da legalidade urbanística teñen carácter "ob rem", polo que a non existencia de estas a nome dunha persoa física ou xurídica non implica a inexistencia de estas en relación cós citados bens inmovibles."

7 Canto á xustificación da continuidade do uso das edificacións, emprázase aos servizos xurídicos municipais a fin de que se pronuncien sobre a suficiencia da documentación presentada.

8 Tendo en conta todo o anteriormente exposto, e visto o escrito de solicitude e a totalidade da documentación que se xunta co mesmo, **o técnico que subscribe informa favorablemente a solicitude e propón que se proceda á declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, tal como establece a D.T., terceira da Lei 2/ 2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/ 2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.**

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente transcrito, por unanimidade **ACORDA:**

Informar favorablemente a solicitude de RAÚL FRAMIÑÁN SÁNCHEZ e proceder á declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total da vivenda unifamiliar sita no lugar de Eirexe, nº 17, parroquia de Taboada (Silleda).

6º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO"

ANTECEDENTES

- Na XGL de 18 de Maio de 2017 acordouse:

3º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de febreiro de 2017, acórdase a aprobación deste proxecto, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, de data febreiro de 2017, ascendendo o orzamento total (incluído IVE) a cantidade de 214.107,38 €

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de abril de 2017, acordou:

“PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 176.948,25 € máis IVE **“Reforma do Campo de Fútbol de Silleda-Outeiriño”.**

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 214.107,38 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151.61900, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - R/ C, parcela 26
36.512 - Lalín
- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
R/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Lg. de Xestoso, s/n 36.549
Silleda”

Visto que procedeuse a convocar a 3 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de obras por procedemento negociado sen publicidade:

Denominación Social:	Registro de Saída	
	Número	Data
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	555	27 04 17
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	556	27 04 17
Construcciones Míguez Xestoso, S.L.	557	27 04 17

Visto que presentáronse as seguintes ofertas:

Empresa	Registro Entrada
---------	------------------

	Número	Data
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	2188	10.05.17
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	2114	08.05.17
Construcciones Míguez Xestoso, S.L.	2211	11.05.17

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** remitir as ofertas presentadas ó Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, para que proceda a valoración das melloras ofertadas.”

2.- Examinouse a proposta técnica e económica das tres empresas que se presentaron, así como as melloras ofertadas, cualificadas polo Arquitecto, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego., co resultado que consta no cadro, polo que se considera a mais vantaxosa a de ENDENOR.

Criterios de selección:

EMPRESA	Importe €	Período execución	Período garantía	Melloras	Total
Míguez Xestoso, S.L	212.527,61 2 puntos		12 meses	0	2,00
ENDENOR	213.565,00 1 punto	1 mes	18 meses 0,25 punto	9	10,25
Taboada y Ramos, S.L.	213.953,41 0 puntos		18 meses 0,25punto	4	4,25

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO” a ENDENOR SL.

O prezo de adxudicación é de **213.565,00 €.**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentadas.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do

contratante e no diario oficial que proceda.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 07 de Xuño de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga